

Cousa de raíces

Roteiros 2015



SOBREIRAL DO ARNEGO

AGOLADA

O ZEC (Zona Especial de Conservación) "Sobreirais do Arnego" con máis de 1080 ha, é o único espazo protexido de Galiza que leva o nome da árbore que máis o caracteriza: a sobreira. Probabelmente, é a zona do país onde máis abunda esta especie.



Percorrido: O punto de inicio do roteiro será a igrexa de Vilaríño, aproximadamente a 2 kms da desviación da estrada Agolada-Lalín. No inicio da ruta teremos ocasión de coñecer a tradición relixiosa chamada "O Clamor", rogativa coa que antano se pretendía una mellora nas condicións meteorolóxicas. Descendendo pola beira do río Arnego toparémonos con varios muíños e comprobaremos como van aparecendo cada vez máis sobreiras até chegar á "zarra da Pena", onde se teñen levado a cabo diversas actuacións de "custodia do territorio". Nesta zona a sobreira xa é a especie vexetal dominante. Despois de xantar na área recreativa " Ponte Carmoega" a ruta continuará polas inmediacións do castro homónimo, coñecido tamén como a A Croa. Tras pasar preto do pazo de Barral, o roteiro rematará na taberna de Carmoega.

Aproveitando o desprazamento Lugo-Agolada visitaremos o elemento arquitectónico máis singular deste concello: "Os Pendellos". Trátase dunhas singulares construcións empregadas no pasado como recinto da feira.

Lonxitude: 12 km de dificultade media-baixa.

DOMINGO, 19 de ABRIL de 2015

Xeral.....	15 €
Estudantes, xubilad@s e no paro.....	12 €
Soci@s.....	10 €
Ata 17 anos.....	5 €

O autobús sairá de diante da Facultade de Formación do Profesorado ás 9.00 h.
Imprescindible anotarse chamando ao **679 113 718** ou ao **982 24 02 99**.

Leva roupa e calzado axeitados e comida para o camiño. O bo humor é cousa de tod@s



PRÓXIMOS ROTEIROS DE ADEGA LUGO

31 de Maio: Bosque de inundación(Begonte)

14 de Xuño: Loureiral (Illa Cortegada)

+info: www.adega.gal ou roteirosadegalugo.blogaliza.org
cousaderaices.wordpress.com

O SOBREIRAL DO ARNEGO

Trátase dun espazo natural de gran valor paisaxístico e ambiental. Presenta unha superficie superior ás mil hectáreas e localízase nas beiras do curso medio-baixo do río Arnego (afluente do río Ulla), principalmente ao longo do concello de Agolada, aínda que tamén se estende algo polos concellos limítrofes de Lalín e Vila de Cruces. Trátase dunha área forestal que ten como especie dominante a sobreira (*Quercus suber*) que, sendo propia dun clima máis suave, logrou pervivir e prosperar no val do río Arnego gracias ás condicións climatolóxicas de cariz mediterráneo que presenta este enclave. Convivindo coas sobreiras medran tamén carballos, castiñeiros e, nas zonas máis próximas ao río, destacan os sanguños, freixos, ameneiros, bidueiras, etc. No sotobosque hai especies mixtas atlántico-mediterráneas, como o trobisco e unha gran variedade de queiroas. En canto á fauna son salientables o mexillón de río, lontra, falcón peregrino, porco bravo, etc. Periodicamente as sobreiras son sometidas ao aproveitamento da súa cortiza. A peculiaridade deste paraíso natural fixo que se adoptasen medidas para a súa protección, estando incluído na Rede Natura como ZEC. Tamén é destacable o traballo desenvolvido pola chamada rede de custodia do territorio Ulloa-Arnego.



OS PENDELLOS DE AGOLADA

Construcións que datan do século XVII e que foron empregados durante máis de 200 anos para a celebración da feira do “Doce”. Pode considerarse practicamente o único recinto feiral de orixe medieval que se conserva nun casco urbano de Galicia. Os materiais utilizados para a súa construción foron o granito, a madeira e a tella. En función do seu uso dividíanse en: pendellos expositores, comedor e de hospedaxe.



Pasaron por un longo período de abandono/destrución pero, afortunadamente, nos últimos anos foron rehabilitados e postos de novo en valor, empregándose frecuentemente como punto de encontro para diversas actividades culturais.

ROTEIRO POLO SOBREIRAL DO ARNEGO (MAPA RUTA)

